

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA
DO 29 DE FEBREIRO DE 2024**

1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00010813A.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00059059F.

Prórroga do contrato de aluguer do inmovible denominado Casa Parroquial de Barciela para uso sociocultural e asociativo da parroquia de Barciela, e revisión do IPC.

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de aluguer do inmovible denominado Casa Parroquial de Barciela para uso sociocultural e asociativo da parroquia de Barciela, no lugar de Sigüeiro, propiedade de La Iglesia Católica, Arzobispado de Santiago de Compostela, polo prazo de un ano a contar desde o 3 de marzo de 2024 ata o 2 de marzo de 2025.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 3 de marzo de 2022, na súa cláusula segunda, que é vinculante para as partes, establécese que o importe da renda será revisado anualmente conforme as variacións que experimente o índice xeral de prezos ó consumo, polo que propónse a revisión do IPC dende a partir do 3 de marzo de 2024, tomando como referencia a variación do IPC dende febreiro de 2023 ata febreiro de 2024. A renda definitiva a partir do 3 de marzo de 2024 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de febreiro de 2024.

Para o mes de marzo de 2024 satisfarase a renda actual por importe mensual de 394,22 € mais IVE (total: 477 €).

Segundo.- Aprobar e comprometer un gasto por importe de 5.724 €, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 060 33403 2020000 CSC. ARRENDAMENTOS EDIFICIOS E OUTRAS CONSTR., quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio.